

MANIFESTO IX DÍA DO PEÓN 2013

Buxainas, trompos, bailaretos ou peóns, estas son só algunhas das maneiras que temos de chamarlle a un pequeno trebelliño que forma parte da nosa cultura lúdica e material. Temos moitas formas de nomealo, e en case calquera idioma podemos encontrar unha tradución para este termo. Isto ten que significar algo, verdade?

A pouco que se indague na historia da buxaina, podemos decatarnos de que estamos diante dun xoguete que leva facendo as delicias dos mais pequeniños dende que o ser humano aparece na escena do noso planeta. Imos facer unha viaxe no tempo para achegarnos á prehistoria, alí atopáronse os primeiros indicios arqueolóxicos da existencia do peón. Dende aí podemos viaxar a Exipto, a China, á antiga Grecia ou ao Imperio Romano, e seguiríamos a ver a nenos e nenas de todas idades e cores bailando unha buxaina.

Foi un xoguete moi popular en todo o mundo e tamén aquí, onde hoxe celebramos o Día do Peón, co obxectivo de recuperalo e revalorizalo. Pero se era tan coñecido e sobreviviu séculos e séculos, por que temos que tratar de que non se esqueza? Na década dos oitenta do pasado século estaba case desaparecido, debido quizais a que os xogos electrónicos con moitas luces e distintas funcións lle foron comendo terreo ao xogo tradicional. Os nenos e nenas pasaban menos tempo na rúa e nos parques, e deste xeito a forma de xogar e de relacionarse cambiou radicalmente. Por iso con iniciativas coma a que estamos a vivir hoxe, queremos reivindicar a volta ás cousas pequenas, sinxelas e tamén baratas, por que non?

O peón ten “madeira” de sobrevivente, se chegou ata o século XXI mantendo a súa esencia, temos o deber de recuperalo, expandilo e sobre todo disfrutalo. As diversas asociacións que levamos moito tempo defendendo e traballando pola recuperación do xogo tradicional, pretendemos por riba de todo tender unha ponte entre o pasado e o presente, entre os avós e os netos, entre a tradición e a modernidade, entre o peón e o “esmarfón”, para que, como dicía Oscar Wilde, cumpramos co único deber que temos ca historia: REESCRIBILA!!! Fagamos que xiren e bailen as buxainas, quizais poidamos facer que todo xire de novo!

Mónica Rodríguez Crecente, coordinadora de XOTRAMU